



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

Rexistro Xeral
SAIDA
UVIGO1101 Nº. 200700022020
07-12-2007 9:30:20

Iván C. Area Carracedo, vicerreitor de Relacións Institucionais ante o escrito presentado o pasado 12 de novembro, nº de rexistro 200700017817 infórmalle que unha vez solicitado informe á Asesoría Xurídica sobre os pasos a seguir verbo da situación provocada pola adxudicación das prazas da Oficina de Orientación ao Emprego, esta contestounos por escrito a esta Vicerreitoría o que se cita:

Na preselección que realiza a Universidade de Vigo, recollida na Resolución Reitoral do 18 de setembro de 2007 non se fai ningunha asignación de prazas aos candidatos/as, senón que se contén unha proposta de adxudicación das catro prazas de técnicos/as da oficina de información, orientación e busca de emprego da Universidade de Vigo (OFOE), ordenada por puntuación dos/as candidatos/as que obtiveron máis de sete puntos na cualificación final.

A asignación de prazas aparece na "Acta de selección do persoal que realizará as actividades de información, orientación e busca de emprego no centro colaborador Universidade de Vigo". En dito documento a Comisión de Valoración "propón a contratación dos/as técnicos/as que se relacionan no anexo I por parte do centro colaborador Universidade de Vigo. Neste anexo figuran os nomes e apelidos, a localidade, tipo de persoal e data.

A acta de selección aparece asinada pola Dirección Xeral de Formación e Colocación, figurando tamén no pe da sinatura a entidade ASIME....Pola súa parte no anexo I aparece asinado pola Dirección Xeral de Formación e Colocación, figurando tamén no pe de sinatura a entidade Universidade de Vigo, non constando na sinatura da mesma na copia aportada co pedimento do informe.

En base a documentación exposta, a asignación das prazas e a localidade non é un acto realizado pola Universidade de Vigo, senón que se produce, segundo o procedemento do artigo 11 da Orde do 8 de marzo de 2007, con intervención da Dirección Xeral de Formación e Colocación (acta e anexo I) que propón a contratación dos técnicos/as vinculando a cada un deles a praza e a localidade, e conforme a cal a Universidade realiza os contratos. Por tanto, entendemos que non ten competencia a Universidade para modificar actuacións ou resolver reclamacións contra un acto realizado por outra Administración, polo que será a esta a que deberán dirixirse os interesados co fin de instar a modificación da proposta de contratación realizada na Acta de selección.

Vigo, 4 de decembro de 2007

O Vicerreitor de  
Relacións Institucionais

Asdo.



Comité Intercentros

**Vicerreitoría de Relacións Institucionais - Reitoría**  
Campus de Vigo - As Lagoas - Marcosende - 36310 - Vigo  
Tel. 986 813 592 / Fax 986 312 692 / e-mail vic.rii@uvigo.es